



Concello de Monterrei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/3	O Pleno


DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	15 de decembro de 2017
Duración	Desde as 13:30 ata as 14:35 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS DO CONCELLO
Presidida por	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ
Secretario	PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
41096534L	ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA	SÍ
34719476X	DELFIN BOO PAYO	SÍ
34927236B	DELFIN FIDALGO CARBALLO	SÍ
76717044S	FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO	SÍ
34968041Z	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ	SÍ
76719061P	MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ	SÍ
34721394L	MARINA SALGADO CARNERO	SÍ
34728608B	MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO	SÍ
34701982L	SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN	SÍ
34722008N	SERAFIN AUGUSTO DAMEA	SÍ
34728275T	YOLANDA DOMINGUEZ GALLEG0	SÍ

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 4 DE OUTUBRO DE 2017

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 4 de outubro de 2017. O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, di que pola súa parte está ben. O concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, toma a palabra para dicir:

- Nós pola nosa parte non. Entendemos que a acta precisamente se se grava é para que sexa literal e hai cousas que non aparecen reflectidas na acta, entón nós imos votar en contra.

Decídese votar a acta e o o PLENO, por sete votos a favor do BNG e Grupo Popular e tres votos en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA, aprobar a acta a sesión do 4 de outubro de 2017.

Expediente 127/2017. MUNICIPALIZACIÓN DA AUGA DA ESTRADA N-525, VILLACASTÍN, EN GUIMAREI

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Obras Públicas, do 11 de decembro de 2017, que é do seguinte teor:


O alcalde explica que os veciños da N-525, Villacastín, da localidade de Guimarei presentaron un escrito o día 11 de setembro no Rexistro Xeral do Concello no que solicitan a incorporación da xestión da auga á rede municipal de auga.

O alcalde propón, pois, a incorporación destes ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Primeiro. De acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga (artigo 5), todos os veciños que utilicen a rede de abastecemento de auga deberán colocar o contador fóra das vivendas ou

Concello de Monterrei

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018





Concello de Monterrei

loais, de xeito que permita a accesibilidade do encargado da lectura.

Segundo. Queda prohibida a utilización desta auga para regar predios, xardíns, piscinas, lavar automóbiles e calquera outro destino que non sexa o estrito domiciliario (artigo 6 da ordenanza reguladora).

Terceiro. Con base no artigo 7 da ordenanza, o Concello en calquera momento pode inspeccionar e vixiar as conducións de auga, as instalacións, os contadores...nos predios particulares. Ningún abonado pode opoñerse a que se realicen nas súas propiedades as funcións sinaladas anteriormente, con motivo de detectar as posibles derivacións de auga non controlada, defraudacións ou usos distintos aos permitidos.

Cuarto. A incorporación ao servizo municipal producírase no momento no que, previa comprobación, se acredite que todos os veciños que contén con enganche de auga dispoñan do correspondente contador colocado do xeito que se sinalou anteriormente (fóra da vivenda ou local).

ACORDA A Comisión Informativa, por seis votos a favor do Grupo Popular e BNG e dúas abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía. No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente".

O Pleno, por unanimidade dos 10 membros presentes, ACORDA incorporar ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei aos veciños da N-525, Villacastín, da localidade de Guimarei, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Primeiro. De acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga (artigo 5), todos os veciños que utilicen a rede de abastecemento de auga deberán colocar o contador fóra das vivendas ou locais, de xeito que permita a accesibilidade do encargado da lectura.


Segundo. Queda prohibida a utilización desta auga para regar predios, xardíns, piscinas, lavar automóbiles e calquera outro destino que non sexa o estrito domiciliario (artigo 6 da ordenanza reguladora).

Terceiro. Con base no artigo 7 da ordenanza, o Concello en calquera momento pode inspeccionar e vixiar as conducións de auga, as instalacións, os contadores...nos predios particulares. Ningún abonado pode opoñerse a que se realicen nas súas propiedades as funcións sinaladas anteriormente, con motivo de detectar as posibles derivacións de auga non controlada, defraudacións ou usos distintos aos permitidos.

Cuarto. A incorporación ao servizo municipal producírase no momento no que, previa comprobación, se acredite que todos os veciños que contén con enganche de auga dispoñan do correspondente contador colocado do xeito

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEY6B6WDM3LTMHMYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

que se sinalou anteriormente (fóra da vivenda ou local).

Expediente 175/2017. ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO

Dáse conta do escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de setembro de 2017, no que se comunica ao Concello que está próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz titular e substituto e no que se require ao Concello de Monterrei que inicie novo expediente para elixir xuíz de paz titular e substituto no prazo de tres meses, tal e como establece o artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Para tal efecto, iniciouse o correspondente expediente e publicouse o edicto no Boletín Oficial da Provincia núm. 248, do 27 de outubro de 2017. Como consecuencia, dentro do prazo establecido presentáronse dúas solicitudes. O alcalde propón como xuíza titular a Rosa Souto Silva e como xuíza substituta a M^a Ángeles García Fariñas.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 11 de decembro de 2017.

O Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

- Propoñer ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como xuíza de paz titular a Rosa Souto Silva, e como xuíza de paz substituta a M^a Ángeles García Fariñas.

Expediente 213/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2018 polo alcalde deste concello.

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

Na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 167, 168, 169 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Toma antes de nada a palabra o secretario para dicir:

- Quero advertir que hai un pequeno erro no cálculo da regra de gasto, por andar con copiar e pegar, o importe que figura no teito de gasto para o 2018, gasto computable do 2017, máis o 2,4%, non coincide. Foi copiar e pegar e quedounos iso. Temos 1.324.990,09, e é 1.325.582,06. Corríxese ese dato, que é de transcripción e simplemente dicir que non son 95,77, senon 79,76. Como non se pode corrixir cando está un asunto no Pleno, nin se pode meter ningún documento, cando desbloqueemos o tema do Pleno, haberá un novo informe meu corrixindo o anterior, asinado, co cal escusan copiar, se queren. Pero o importe é no límite de gasto para o 2018, que é o gasto computable do 2017 máis o 2,4%, de 1.325.582,06. E despois dámos ao final de todo, a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable é 79,76.

Dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 11 de decembro de 2017:

"A Presidencia dá conta á Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do orzamento municipal para o exercicio 2018, que ascende, tanto no seu estado de gastos como de ingresos, á cantidade de un millón novecentos setenta e nove mil catrocentos sete euros con setenta e seis céntimos (1.979.407,76 €) e, logo de estudar detidamente os documentos do dito orzamento, observouse o seguinte:

Que as consignacións do estado de gastos son necesarias para cumprir as obrigas esixibles a este Concello, e para desenvolver a xestión que este Concello ten encomendada.

Que no estado de ingresos apélase aos tributos e exaccións autorizadas pola lei, en contía suficiente para atender as necesidades e obrigas da propia Corporación, e estimándose por outra parte acordos coas posibilidades do contribuínte.

Que as bases de execución do orzamento son as máis prudentes e apropiadas para a efectividade deste.

Que o dito orzamento non ten déficit inicial.

Que o citado orzamento axústase aos preceptos legais sobre a materia, contidos na Lei 7/85, o RDL 2/2004, do 5 de marzo, e o RD 500/90, e demais disposicións concordantes.

Así mesmo, con base no disposto no artigo 126 do RDL 781/86, do 18 de abril, é necesario que os concellos aproben anualmente o cadro de persoal con ocasión da aprobación do orzamento. Queda configurado o cadro de persoal para o 2018 do seguinte xeito, estruturado coas esixencias do citado RDL 781/86:

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3LTWHMYKGCHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 25



Concello de Monterrei

1. FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

A. ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL:

a) Subescala de Secretaría-Intervención: Unha praza de secretario-interventor, integrada no grupo A1, desempeñada en propiedade por Paulino Fernández Salgado, mediante a agrupación co Concello de Cualedro.

B. ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL:

a) Unha praza de administrativo de administración xeral, integrada no grupo C1, desempeñada en propiedade por Carlos Francisco González Álvarez.

b) Tres prazas de auxiliares administrativos, integrados no grupo C2.

2.- PERSOAL LABORAL:

No cadro laboral, no apartado de persoal temporal hai:

- Dúas prazas de operarios de servizos varios.
- Once prazas de auxiliares de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca.
- Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Unha praza de coordinadora de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de oficina para a atención do Museo do Viño.
- Unha praza de arquitecta técnica en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de operario de tractor en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de limpadoras.
- Unha praza de orientador laboral.

No apartado de persoal laboral fixo hai:


- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, información xuvenil e notificacións, desempeñada por José Manuel Losada Martínez, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas administrativas e secretaría do Xulgado de Paz, desempeñada por José Luis Gómez Palomanes, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas na Secretaría e Facenda, desempeñada por M^a del Pilar Zarraquiños Novelle, asimilada ao grupo C2.

Non oferta de emprego para o ano 2018.

As retribucións básicas e complementarias de carácter fixo do persoal funcionario e laboral experimentarán un incremento do 2% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2017.

Tendo en conta que está sen aprobar o orzamento do Estado para o exercicio 2018, o persoal seguirá percibindo os mesmos conceptos retributivos que no 2017 ata que se determine pola Lei de orzamentos do Estado de 2018 o incremento salarial que se aplicará, tanto laboral como funcionarios, con base nun principio de prudencia.

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

A Comisión Informativa, por cinco votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do BNG e do Grupo Veciños de Monterrei, que reservan o seu voto para o Pleno, ACORDA acorda ditaminar favorablemente a aprobación do orzamento. Porén, o Pleno acordará o que estime pertinente".

Dáse conta da memoria da Alcaldía, das bases de execución, do informe económico financeiro, da relación do persoal, e demais documentos do expediente, dos cales xa se lle entregaron copia aos concelleiros.

Visto o informe emitido pola Intervención e o ditame da comisión competente, ambos os dous en sentido favorable, comeza o correspondente debate e prodúcese as seguintes intervencións:

De Alberto Rodríguez García, portavoz do BNG, que di:

- En relación á elaboración dos orzamentos para o ano 2018, considero que son uns orzamentos que seguen na mesma liña que os do ano anterior, cuns puntos a ter en conta pola miña banda, dos cales vou puntualizar:

1. O punto que dedicamos a unha parte económica, o servizo de incendios, empregabilidade e de mantemento do Castelo de Monterrei, visitas guiadas e teatralizadas na fortaleza. Nese punto, o cal me parece que é necesario, e con todo isto quero deixar claro que non estou en contra, pero si nós entregamos un patrimonio que é de todos á Xunta de Galicia e aínda así dedicamos unha partida económica, que recibimos por parte da Xunta de Galicia? Non debería correr a Xunta con eses gastos? Así, dese xeito, poderíamos dedicar esa partida dedicada a ese punto a outras que tamén son necesarias para o noso concello.
2. En relación á memoria da Alcaldía, no estado de ingresos polas altas do IBI, temos algunha previsión real?, ou en baixo a que se calcula? Gustaríame saber como se chegou a esa conclusión.
3. Na clasificación económica, no resumo xeral do apartado do estado de gastos, atopamos no capítulo 5, no fondo de continxencia e outros imprevistos, e vemos que está a cero, que non se dedica ningunha cantidade, e na memoria da Alcaldía di que se prevén créditos necesarios para atender o capítulo de gastos de persoal, como son as subidas salariais. Polo tanto creo que deberíamos dotar unha partida de previsión pola posible subida salarial que non se está a dar porque os orzamentos do Estado non están aprobados, pero si se prevé que suba un 2%. Entón, creo que sería bo dedicar unha partida de previsión para logo non ter que ir a algún tipo de crédito ou a unha modificación dotras partidas para facerlle fronte.
4. No capítulo 6 da mesma clasificación económica, en investimentos reais, vexo que hai unha partida de 136.686,99, é dicir, un 6,9% do noso orzamento. Vexo que non se especifica para onde van ir destinados eses cartos. Cabe a posibilidade de que nese orzamento estea a obra do centro social de Albarellos ou o arranxo da rúa Central? Gustaríame saber que é o que se vai

Concello de Monterrei

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D8WDM3LTHWYK6CIN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 25



Concello de Monterrei

facen.

5. Tamén podo comprobar que neste orzamento elevamos a partida destinada a gasto de persoal. Como ben sabemos non se debería dedicar máis do 30 ou 35%, como moito, a gasto de persoal, e neste caso estamos dedicando algo superior ao 46%, case a metade do orzamento.

Por estes motivos considero que non debería votar a favor, e así, desta maneira, a miña posición como concelleiro do BNG vai ser a abstención a estes orzamentos. Espero que se entenda o motivo da abstención e, ao mesmo tempo, posicionarme como sigo facendo ata o de agora e colaborar en todo o que sexa necesario para levar a cabo o ben para todos os veciños do concello.

A continuación é a quenda da voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez:

- Ben, eu non teño preguntas. So vou falar unha vez. O Grupo municipal Veciños de Monterrei vai votar en contra do orzamento para o ano 2018 polos seguintes motivos:

Primeiro. Dun orzamento de 1.970.000 €, gástanse case un millón en gastos de persoal. Pásase, como dicía Alberto, dun 42% a un 47%. Non se pode gastar tanto en persoal. Está claro que hai que ter o persoal para cumprir os servizos, pero hai que optimizar recursos. Os cartos públicos teñen que estar ben xestionados. Debemos de ser o único concello que ten secretaria da secretaria do secretario. E, por certo, o ano pasado dixo que ía facer a RPT no 2017, pero aínda non a fixo.

Segundo. Volven facer referencia no orzamento, igual que no do 2017, ao elevado gasto do custo dos bombeos de abastecemento de agua pero non vexo que en todo o ano tomaran medidas para solucionalo.

Terceiro. Xa dixen antes que aumenta o gasto en persoal, pero baixa o investimento en 15.000 € e o desenvolvemento empresarial en 3.000. O ano pasado enchéuselle a boca moito falando da creación de emprego e ao final fixo unha modificación de crédito para gastar eses cartos noutra cousa.

Seguimos a ser o segundo concello con máis paro de Galicia.

Cuarto. Seguimos sen noticias do prometido centro social.

Quinto. Seguimos esperando pola posta en valor do Balneario de Requeixo, prometida nos orzamentos do 2016.

Non continuaron coas actuacións na necrópole de Medeiros, como prometían no orzamento do ano pasado e baixaron 3000 € en protección e xestión do patrimonio histórico e artístico. Ah!, pero ben, si que aumentan o orzamento en comidas, claro. Refírome á partida 338. Iso si que teñen claro que é importante para manter os votos.

Botamos en falta medidas para paliar os efectos dos lumes que arrasan ano tras ano os nosos montes e poñen en perigo os veciños. Lémbrolle que vostede se riu de nós cando presentamos aquela moción das bocas de rego. Que ben tiñan vido este ano cando os veciños de Guimarei e Albarellos se viron agoniados polas lapas.

Estes son algúns dos motivos polos que imos votar en contra. Xa sei que me

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6MDM3LTHWYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

vai contestar que nós sempre negativos, sempre criticando. Si, pois esa é unha das funcións das oposicións, e seguiremolo facendo. Igual que fiscalizando todo para que non pensen que o Concello é seu. E tamén lle lembro que temos feito moitas mocións e propostas para o ben dos veciños que non leva a Pleno, pero despois copia. E nada máis.

Toma agora a palabra o alcalde e di:

- Pois moi ben, moitas grazas.

Ben, eu antes de entrar punto por punto no que dixeron os voceiros, vou facer unhas consideracións de carácter xeral do que son os orzamentos para o ano 2018.

Como ven vostedes, é un orzamento continuísta con relación ao ano pasado, pero eu chamaríalle expansivo, no sentido de que se trata dun orzamento no que pasamos de 1.651.794,01 € a 1.979.407,76 €, é dicir, hai un incremento de case o 20%. Isto é de destacar e de valorar. Eu entendo que isto é froito da boa xestión realizada, e que procede de anos atrás. É dicir, isto é unha previsión, ingresos e gastos. A min gustaríame saber os números da liquidación deste ano, e seguro que nos imos por riba dos 600.000 € con relación ao 1.651.000 € que estaba orzamentado inicialmente.

Por entrar un pouco por capítulos, durante o ano 2018 remataremos os procesos de funcionarización e tamén practicamente temos acadado un acordo en relación ao convenio colectivo cos traballadores no seo da Mesa xeral de negociación. Que, por certo, precisamente o que falaba Alberto, desa mellora salarial, precisamente aí, no convenio colectivo, está prevista esa mellora salarial. E haberá que habilitar a maneira, a fórmula de como se fai fronte a esa subida.

Quedamos pendentes da relación de postos de traballo. É certo, a RPT tiñamos pensado facela durante este ano 2017, froito dunha subvención que nos ía dar a Deputación, pero a Deputación anulou esa liña de subvencións que tiña destinada aos concellos para facer RPT e non o puidemos facer a través desa subvención que nos ía dar a Deputación. E de certo que temos pendente de facela e trataremos de facela no seo da Mesa xeral de negociación. Se non nos dá subvención a Deputación, terémola que facer nós.

Con relación á suba, considérase un 2%. Agora ben, estase á espera de que se aproben os orzamentos do Estado para concretar esa cifra. Andará rondando eses números.

O gastos de persoal é o que é. É o 46%, pero é que nós temos que ter en conta moitas cousas: que neses gastos de persoal vai incluído Aprox rural, empregabilidade da Deputación, obradoiros de emprego, que nós somos os promotores do obradoiro e todo ese custo de persoal dos alumnos e dos monitores do obradoiro, asumímolos nós. Despois, nós estamos prestando servizos. Estamos prestando o servizo de axuda no fogar, hai 15 persoas contratadas. Outros concellos teñen externalizado ese servizo. Vostedes, se queren, externalizamos o servizo.

Neste intre, ao seren as 13.50 h entra no Salón de Plenos o concelleiro,

Concello de Monterrei

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018





Concello de Monterrei

Delfín Boo Payo.

Continúa o alcalde:

Eu creo que non é bo externalizar servizos. E dillo un do partido popular, que cre na xestión indirecta. Eu creo que o Concello ten que prestar eses servizos e eu creo que estamos prestando un moi bo servizo. Increméntárenos as horas de dependencia; pasamos a 21.705 horas de dependencia e iso hai que cubri-lo, hai que prestar ese servizo. Temos 15 persoas traballando no servizo. O tema dos fontaneiros, temos dous fontaneiros. Temos sete localidades. Agora imos coller tamén As Farrapas, en Guimarei. Son suficientes dous traballadores? Eu creo que non. En definitiva, esa é a realidade. O demais é falar por falar, o discurso de que temos o capítulo 1 moi alto. A Deputación teno cerca do 40% e tamén presta servizos, como é a recollida do lixo, que o ten en 50 concellos e, lóxicamente, o capítulo de persoal suma porque ten que sumar se se prestan servizos. Eu creo que o Concello ten que prestar servizos, non externalizar eses servizos. Con relación aos gastos correntes, pois, seguimos reducindo os consumos dos bombeos. É verdade que levamos feito unha política de rigoroso control deles.

En investimentos reais baixamos un pouco, é certo. Pasamos dos 150.000 € a 136.000 €, pero é unha cousa que non me preocupa polo que comentei antes: a liquidación deste ano seguro que vai por riba dos 600.000 €. Eses 600.000 € foi practicamente destinado a investimento. Entón, o documento é unha previsión, e é un documento eminentemente técnico. Para realizar os axustes necesarios están as modificacións. Eu neste punto si que me gustaría felicitar os traballadores desta casa, en especial ao persoal de Secretaría-Intervención polo traballo realizado. Porque nun momento no que hai moito traballo, facer este documento non é fácil. Entenderon dende un principio cales eran as instrucións, as directrices que lles daba este alcalde e o equipo de goberno e soubérono trasladar con éxito neste documento, como teñen feito durante estes anos atrás.

Os orzamentos son continuístas, pero como lles dicía antes, nunha dirección expansiva, de liñas marcadas por este equipo de goberno cando tomamos posesión en xuño de 2015.


O noso obxectivo é claro: reforzo das políticas sociais no noso concello. O eido social ten unha importancia fundamental na nosa liña de goberno. Continuaremos coa política activa de incremento da natalidade, axuda á natalidade, axudas para libros e material escolar.

A política activa de fomento do emprego. Partida específica para o Aprox rural, así como continuación nos programas de obradoiros de emprego.

Tamén este ano incorporamos unha nova liña de axudas de 1.500 € para o CEIP de Medeiros. Para actividades extraescolares dos nosos rapaces en Medeiros. Un colexio que temos que apoiar e tratar de dinamizar dado o número de alumnos que ten. Empezamos con 1.500 € e continuaremos así. É certo que quitamos o do autoemprego porque, teño que recoñecelo, non funcionou. Houbo unha solicitude dun rapaz da Madanela, pero ao final creo

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6P6WDM3J.TMIMYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

que renunciou a esa axuda. E como non funcionou, preferimos eses cartos dos 3.000 € destinalos a isto de Medeiros, así como á liña de subvencións das asociacións, que tamén a imos incrementar en 1.000 €.

Pero, este ano, ademais desta liña social que eu remarcaría, temos, sen lugar a dúbidas, a mellora das infraestruturas básicas: abastecementos, rede de sumidoiros, depuración de augas, estradas, iluminacións públicas, continuando co cambio de farois a led. Fixémolo este ano en Vences e continuaremos o próximo ano con Estevesiños e Mixós. Pero o máis importante se cadra é o tema da problemática da seca. Temos un problema grave de seca. Non só no noso concello senón en xeral. Por iso no 2018 realizaremos en colaboración coa Deputación importantes obras de captación de augas, pozos e demais. Eu creo que durante o 2018 nos temos que centrar nese problema grave que temos e que se aveciña.

Seguiremos mellorando os equipamentos sociais das localidades. Faremos o novo local social de Infesta, en colaboración coa Xunta de Montes de Infesta, á que teño que agradecer a súa colaboración e a súa implicación. Imos gastar 66.000 € no local social de Infesta. Nós achegamos 33.000 € e eles achegan outros 33.000 €. Esa é a liña. Reformaremos tamén o forno de Sandín e remataremos, a ver se damos rematado, os locais sociais que se están facendo en Flariz e tamén o de San Cristovo a través do Obradoiro de emprego.

Continuaremos as nosas actuacións no Castelo de Monterrei, empregando a mesma fórmula que este ano, vía convenio coa Xunta e coa Deputación. Aí, se non o saben, lémbrollo, hai un convenio Xunta-Deputación-Concello, onde achegamos 30.000 € cada un. Este último ano Turismo só achegou vinte, pero despois compensounolo coas visitas teatralizadas. Pero a miña pretensión é que durante o 2018 sexa 30.000 por cada un. Entón, co que nos dá a Deputación máis co que poñemos nós contratamos a brigada de conservación e mantemento do contorno e cos outros 30.000 que nos dá Turismo seguiremos rehabilitando o patrimonio que hai dentro da fortaleza. Pero tamén seguiremos con outras actuacións: Necrópole de Medeiros, o Muro da Cidade, lagares rupestres, etc.

Continuamos apostando pola participación cidadá. Como lles dicía antes, incrementamos as axudas para asociacións de veciños. E nós seguiremos, loxicamente, apoiando as festas populares e tradicións. Son un sinal identitario do noso concello. Loxicamente tamén seguiremos apoiando a festa do maior. É unha festa que xa está consolidada, que ía no noso programa de goberno cando nos presentamos ás eleccións de 2015 e, ben, eu creo que é unha festa que á xente lle gusta, un día de lecer e divertimento para todos. Eu creo que debemos seguir apoiándoa. E seguiremos colaborando na Xuntanza Internacional de Gaiteiros que se celebra na fortaleza.

En definitiva, son uns orzamentos realistas e expansivos. Continuamos polo bo camiño. Un concello con bos servizos e o máis importante, con calidade de vida.

E, si, efectivamente, a min ségueme preocupando. Eu agradézolle a postura

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

do Bloque, sempre responsable. A postura de Veciños de Monterrei é sempre esa imaxe negativa do noso concello, esa imaxe en branco e negro que vostedes dende sempre queren transmitir. E a min preocúpame, a verdade, que queiran trasladar esa imaxe. Eu creo que é malo. Iso non é facer política. Criticar está ben. Loxicamente hai que controlar e criticar a acción do goberno. O outro xa non, o outro xa non é crítica.

E xa máis polo miúdo, entrando nas cousas que falaba Alberto, do Bloque, cando me di que as visitas teatralizadas que van incorporadas aquí no orzamento, pero é que as visitas teatralizadas quen as paga é a Xunta. Ao Concello non lle custa nada. Tanto os guías turísticos que están alí no Castelo, como as visitas teatralizadas, iso é un convenio que asinamos con Turismo, que nos deu para este ano 17, porque o asinamos en agosto, 26.000 €, creo lembrar, máis ou menos, e no ano 18 e no 19 vainos dar 50.000 €; 40.000 para guías turísticos e 10.000 para visitas teatralizadas. En consecuencia, iso non nos custa a nós, pero recóllese no orzamento.

O IBI sobe porque se farán altas, o Catastro mandaría datos e por iso sobe, aínda que creo lembrar que sobe un pouquiño este ano.

O das continxencias, que dicías Alberto, para subirlle ao persoal, iso tamén o temos previsto e xa está falado.

Nos 136.000 € que vai de investimentos, non, o da rúa Central xa está no orzamento do ano pasado contemplado. Deste ano, do 2017. Metémoslle 40.000 € e fáltanos o permiso de Patrimonio. Unha vez que veña o permiso de Patrimonio, xa contratamos a obra. A miña idea é que co remanente de tesourería que quede agora no 2017 que poidamos seguir metendo outros 40.000 € no próximo ano para seguir coa rúa, porque non nos daba os 40.000 €.

O centro social, estamos á espera de que asinemos definitivamente o famoso convenio con Política Social. É un compromiso por parte de Política Social, que nos van dar 200.000 € para construír o Centro Social, aquí en Albarellos. É nada máis, o do gasto de persoal xa llo expliquei anteriormente e, nada, darlle as grazas pola postura, sempre responsable e colaboradora co equipo de goberno. Nada máis pola miña parte.

A continuación sométese o asunto a votación e o Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular, unha abstención do BNG e tres votos en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2018, sendo as previsións que contén, tanto no seu estado de ingresos como no seu estado de gastos, as que figuran no seguinte resumo por capítulos:

Estado de ingresos:

Cap. 1	Impostos directos	415.500,00
Cap. 2	Impostos indirectos	0,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	224.800,00
Cap. 4	Transferencias correntes	1.256.535,77

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

Cap. 5	Ingresos Patrimoniais	160,00
Cap. 6	Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	82.411,99
Cap. 8	Activos financeiros.	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total ingresos:		1.979.407,76

Estado de gastos:

Cap. 1	Gastos de persoal	913.725,15
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	689.075,62
Cap. 3	Gastos financeiros	1.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	238.920,00
Cap. 6	Investimentos reais	136.686,99
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total gastos:		1.979.407,76

Segundo.- Aprobar as bases de execución do orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio de 2018, quedando configurado da seguinte forma, estruturada coas esixencias do RD 781/86:

1. Funcionarios de carreira:

A. Escala de habilitación nacional:

a) Subescala de Secretaría-Intervención: Unha praza de secretario-interventor, integrada no grupo A1, desempeñada en propiedade por Paulino Fernández Salgado, mediante a agrupación co Concello de Cualedro.

B. Escala de administración xeral:

a) Unha praza de administrativo de administración xeral, integrada no grupo C1, desempeñada en propiedade por Carlos Francisco González Álvarez.

b) Tres prazas de auxiliares administrativos, integrados no grupo C2.

2.- Persoal laboral:

No cadro laboral, no apartado de persoal temporal hai:

- Dúas prazas de operarios de servizos varios.
- Once prazas de auxiliares de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca.
- Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Unha praza de coordinadora de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de oficina para a atención do Museo do Viño.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3LTMHMYKGC4N6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 25



Concello de Monterrei

- Unha praza de arquitecta técnica en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de operario de tractor en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de limpadoras.
- Unha praza de orientador laboral.

No apartado de persoal laboral fixo hai:

- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, información xuvenil e notificacións, desempeñada por José Manuel Losada Martínez, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas administrativas e secretaría do Xulgado de Paz, desempeñada por José Luis Gómez Palomanes, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas na Secretaría e Facenda, desempeñada por M^a del Pilar Zarraquiños Novelle, asimilada ao grupo C2.

Non hai oferta de emprego para o ano 2018.

As retribucións básicas e complementarias de carácter fixo do persoal funcionario e laboral experimentarán un incremento do 2% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2017.

Tendo en conta que está sen aprobar o orzamento do Estado para o exercicio 2018, o persoal seguirá percibindo os mesmos conceptos retributivos que no 2017 ata que se determine pola Lei de orzamentos do Estado de 2018 o incremento salarial que se aplicará, tanto laboral como funcionarios, con base nun principio de prudencia.

Cuarto.- Que se expoña ao público por espazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao estipulado no artigo 169 do citado RDL 2/2004.

Quinto.- Facer constar expresamente que se non se producen reclamacións ou alegacións contra o contido do orzamento municipal para 2018 aprobado, este acordo de aprobación inicial pasará a ter a consideración de acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 169 do devandido RDL 2/2004 e, a continuación, publicarse resumido por capítulos no BOP e enviaránselle copias á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Expediente 204/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 8/2017, CON CARGO A PARTIDAS REDUCIBLES


Dáse lectura ao expediente núm. 8/2017, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado con cargo a partidas reducibles do orzamento vixente.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6MDM3J.TVHMYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 25



Concello de Monterrei

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas de data 11 de decembro de 2017.

O expediente tramítase por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Suplemento de crédito

Partida	Denominación	Importe en euros
1621.463	A Mancomunidades	7.217,23
231.221	Subministracións	1.526,24
231.480	A familias e institucións sen fins de lucro	29,53
929.131	Laboral temporal	1.714,90

TOTAL	10.487,90
-------	-----------

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO	10.487,90
-----------------------------	-----------

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo a baixas de créditos das aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicacións orzamentarias	Créditos dispoñibles para minorar ou anular
171.143	928,90
336.221	3.500,00
432.609	595,00
433.47	3.000,00
920.626	2.464,00

TOTAL	10.487,90
-------	-----------

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018

Cod. Validación: 4TXEYN8D6VDM3L1W4MYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 25



Concello de Monterrei

ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

O secretario dá lectura a unha serie de escritos e comunicacións para dar conta ao Pleno e que son os seguintes:

1. DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DO 9 DE NOVEMBRO DE 2017, SOBRE A DEMANDA POR DESPEDIMENTO 0000779/2017, INTERPOSTA POR GUADALUPE CORTIÑAS MOURE.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía, o cal é do seguinte teor literal:

"Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social núm. 1, de Ourense, en relación coa demanda por despido 0000779/2017, interposta por Guadalupe Cortiñas Moure, fronte á Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, Axencia Galega de Turismo e o Concello de Monterrei, o día 30 de outubro de 2017; no uso das facultades que me outorga a lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro. Comparecer o Concello de Monterrei, o día 13 de decembro de 2017, ante o Xulgado do Social núm. 1 de Ourense, ás 11,15 h, para a celebración do acto do xuízo.

Segundo. Nomear a José Eugenio Galindo González, María de los Ángeles Cantón Álvarez, Cristina Fernández Rodríguez e Francisco Cacharro Gosende como avogados e como procuradores a Antonio Álvarez Blanco e Lucía Taboada González, de Verín; Jesús Marquina Fernández, Leticia Domínguez Fortes, Lorenzo Soriano Rodríguez e María Gloria Sánchez Izquierdo, de Ourense; María de los Ángeles Fernández Rodríguez, Antonio Pardo Fabeiro e Ignacio Pardo de Vera, da Coruña; e María Belén San Román López, Argemiro Vázquez Guillén e Manuel Ayuso Tejerizo, de Madrid.

Terceiro. Notificar esta resolución ao Xulgado do Social, núm. 1, de Ourense.

Cuarto: dar conta tamén ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por informado.

2. PROCEDEMENTO 720/2017, DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 4 DE OURENSE, CON ENTRADA NO REXISTRO XERAL O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2017, SOBRE A DEMANDA INTERPOSTA POR RAFAEL CASTRO VAAMONDE CONTRA O CONCELLO DE MONTERREI

Dáse conta do escrito remitido polo Xulgado do Social núm. 4 de Ourense, no que se cita como parte demandada ao Concello de Monterrei para asistir nesa condición a un acto de xuízo, concorrendo a tales actos coas probas de que intente valerse e tamén, se a parte contraria o pide, e o Tribunal o admite, contestar as preguntas que se lle formulen.

O próximo día é o 19 de decembro, ás 10.00 h, na planta baixa da rúa Velázquez, no Xulgado do Social núm. 4 de Ourense.

O Pleno dáse por informado.

3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA -A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA- E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A REALIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS E DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA FORTALEZA DE MONTERREI.

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

Dáse conta do convenio de referencia, asinado o día 14 de agosto de 2017, e o secretario explica que no ano 2017 a Xunta dá 26.665 € (16.665 € para información turística e visitas guiadas e 10.000 € para visitas teatralizadas) e 50.000 € nas anualidades 2018 e 2019, desagregadas do seguinte xeito:

- Información turística e visitas guiadas: 40.000 €
- Visitas teatralizadas: 10.000 €

O Pleno dáse por informado.

4. ESCRITO DE CARLOS FRANCISCO GONZÁLEZ ÁLVAREZ, FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE MONTERREI, DO 7 DE DECEMBRO DE 2017

Dáse conta do dito escrito, que di:

"Que o vindeiro día 11 de decembro de 2017, causarei baixa como funcionario de carreira dese Concello por cumprir o día 10 de decembro de 2017 os 65 anos de idade e ter solicitado a xubilación voluntaria.

É o meu desexo manifertar o meu máis profundo e sincero agradecemento a todas e cada unha das anteriores corporacións do Concello de Monterrei ás que tiveron o honor de prestar os meus servizos como funcionario de carreira. Recoñecerlles as facilidades que sempre me brindaron para o desenvolvemento da miña actividade e o recoñecemento que sempre tiveron cara a miña persoa, tanto a nivel profesional como persoal.

Durante estes corenta anos de servizo, puiden constatar o aprecio e recoñecemento, non só das corporacións, senón tamén e moi especialmente de todos e cada un dos veciños deste municipio aos que sempre intentei servir con cariño, humildade e profesionalidade. Espero telo conseguido, xa que ese foi sempre a miña maior obsesión.

Sempre fun consciente de que, como ser humano que son, tiña as miñas limitacións, que sempre intentei superar para servir os meus veciños, que están e estarán sempre presentes na miña mente e o meu corazón. O meu máis profundo e sincero recoñecemento a todos eles, e moi especialmente aos que non están entre nós.

O que traslado ao Pleno do Concello de Monterrei (Ourense), para os efectos oportunos".

Toma a palabra o alcalde neste momento e di:

- Aquí se me permitides, creo que tamén hai un escrito de Rosa.

O Pleno dáse por informado.

5. ESCRITO DE ROSA SOUTO SILVA, EMPREGADA DO CONCELLO DE MONTERREI, DO 13 DE DECEMBRO DE 2017

Dáse conta do dito escrito, que é textualmente di:

"Rosa Souto Silva, empregada do Concello de Monterrei (Ourense), comunico:

Que o próximo 31 de decembro de 2017 causarei baixa no meu posto de traballo por xubilación ordinaria.

Chegou o momento de retirarme da vida laboral e aínda que o fago voluntariamente, sinto moita tristeza por deixar os meus compañeiros de traballo.

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3LTHMYKGCN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 25

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

Grazas a todos!".

Intervén o alcalde do seguinte xeito:

- Dende o Pleno trasladarlle un agradecemento polos servizos prestados a ambos os dous traballadores, e desexarlle moito gozo na súa nova andaina.
- O Pleno dáse por informado.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

Toma a palabra a voceira do Grupo municipal Veciños de Monterrei, Marfa del Carmen Sola Pérez, e formula as seguintes preguntas:

- Hai un punto do día que é escritos e comunicacións e non fala do escrito que presentou o Grupo Veciños de Monterrei, máis que nada para darlle conta aos concelleiros, por rexistro o día 5 de decembro de 2017, escrito no que solicitamos do señor alcalde que informe ao órgano competente, neste caso o Ministerio de Facenda e Función Pública, para a incoación do correspondente expediente disciplinario ao secretario do Concello, pola comisión dunha falta moi grave. O secretario é socio do mercantil Talleres Agripino, que presta servizos ao Concello. Non ten nada que dicir?

Respóndelle o alcalde:

- Cal é a súa pregunta?

Di a voceira de Veciños de Monterrei:

- Se sabía vostede que Paulino, o secretario do noso Concello, era socio de Talleres Agripino.

E o alcalde:

- Tomo nota e xa lle contestarei no próximo pleno.

Segue a voceira:

- Se non o sabía, por que deixou de alugar vehículos nesa empresa e comezou a contratar con Northgate cando nós empezamos a pedir as facturas do taller do secretario?

Xa me contestará..., vale.

- Sabía vostede que nos datos do Rexistro Mercantil de Ourense, a data 12 de maio de 2016, figuraba como administrador social o noso secretario e a día de hoxe xa non aparece? Non lle parece raro?


Di o alcalde:

- Máis preguntas?

Continúa a concelleira:

- Si, si. Sobre este tema. Isto vai en relación con isto. Pois, ostentando a

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDW3L7W4MYKGCHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 25

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

Alcaldía a xefatura directa do persoal, de conformidade co artigo 21.1. h) da Lei de bases do réxime local, correspóndelle adoptar as medidas disciplinarias necesarias ou incoar o expediente correspondente cando teña noticia dalgún feito que poida derivar neste. Queda acreditado, como manifesta a fiscalía, á que lle presentamos o escrito, que existe unha comisión dunha falta moi grave por incumprimento da Lei de incompatibilidades por parte do secretario do Concello. Informamos ao alcalde dos ditos feitos para que proceda, como xefe directo do persoal, a incoar, a iniciar, as medidas correspondentes para depurar as responsabilidades, coa advertencia de que de non facelo, podería supoñer a comisión dun delito de prevaricación por omisión, quedando constancia neste pleno do dito requirimento, para que non poida alegar despois erro vencible ou invencible na comisión dolosa do dito delito. E sobre este tema, nada máis.

Pregunta o alcalde:

- Algunha pregunta máis?

Di María del Carmen Sola.

- Hai máis preguntas, si.

O alcalde:

- Pois, veña.

Continúa, pois, a voceira, coa rolda de preguntas:

- Ben, antes fixen referencia á secretaria da secretaria do secretario. Falaba da auxiliar administrativa, de Vanesa, que se lle termina o contrato o 31 de decembro de 2017. E quería preguntarlle que ten pensado facer.

Dille o alcalde:

Xa lle contestarei.

Prosegue a voceira:

Dígoos porque se hai necesidade de contratar, se hai traballo, haberá que ver se a necesidade é temporal ou perenne. Porque se é perenne haberá que convocar un proceso selectivo para cubrir a praza e non concatenar contratos temporais, porque senón, isto que é? Mala xestión ou irregularidade calculada. Parece.

Outra pregunta ou rogo:

Tendo unha concelleira delegada, unha arquitecta técnica e un axente de emprego, que fai de todo menos de axente de emprego, como é que o día 16 de novembro non había ningún representante do Concello cando viñeron de Santiago para ver as obras de acceso ao Castelo?

O alcalde di:

- Tomo nota.

A voceira de Veciños:

- Ah! Non contesta a ningunha. Vale.

E continúa:

- Sobre o Castelo tamén. Hai 11 sinaturas de propietarios que entraron polo rexistro estes días, de propietarios de casas no Castelo, solicitando dotar de rede de saneamento e abastecemento as casas. Xa sabe se o vai facer?


Dille o alcalde:

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618(Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3L7MIMYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 25



Concello de Monterrei

- Xa se lle responderá.

Segue María del Carmen Sola:

- Cando ten previsto abrir a oficina de produtos típicos da comarca? Non me vai contestar a nada? Sigo entón.

O alcalde:

- Siga, siga.

E segue a voceira de Veciños:

- Teñen clara a funcionalidade? Con que persoal se vai dotar? Ou vai facer como co Museo do Viño, abrillo cunha subvención e despois pechalo e, ben, facer que a persoa contratada faga outras funcións?

Outra pregunta:

Teñen que facer outro convenio coa empresa Serviguide ou van continuar co servizo do mesmo modo?

E logo teño algunha pregunta do Pleno anterior:

Falaba nun bando do control estrito da auga pola seca, pero fai un ano que o Concello está pagando a auga da avaría que fixo unha empresa nas catas en Monterrei. No outro pleno dixo que nos ía aclarar o asunto. Vaínolo aclarar hoxe?

O alcalde:

- Pregunte. Cal é a pregunta?

A voceira de Veciños:

- Se nolo vai aclarar ou non.

Dille o alcalde:

- Contestareille no seu momento oportuno. Máis preguntas?

Intervén entón o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e di:

- A verdade é que non tiña pensado facerlle ningunha hoxe, porque dá igual o que lle pida e o que non. Digo en Pleno, porque de feito recoñezo que o outro día chamei para que arranxaran a luz en Estevesiños e está arranxada. Iso non é unha crítica, é todo o contrario.

Primeiro, por que teño que ver os expedientes na mesa do funcionario responsable, neste caso, na Secretaría. Porque no escrito que me mandou di que teño que ver o expediente perante o funcionario responsable. Como concelleiro non teño por que ver o expediente diante do funcionario. E despois, algo que dixo no pleno dos orzamentos, perdón, na moción dos orzamentos...

Interrompe ao concelleiro o alcalde:

- Cal é a súa pregunta?

Continúa Francisco Javier Limia:

- Xa lle preguntei: por que teño que ver os expedientes perante o funcionario? E logo no dos orzamentos, que di que están facendo coa luz, arranxar e non sei que máis historias, e resulta que dende hai dous anos que dixo que ía por luz no cruzamento co Camiño da Veiga, en Estevesiños, que é onde está o campo de xogos dos nenos, seguen sen pola, nin tampouco na casa do Amable, que só é un farol, e creo que segue sen estar tamén na rúa Outón,

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

porque non lle debe interesar ou lle dá igual.

E eu xa non teño nada máis hoxe, porque total, é o mesmo, coma sempre.

É agora a quenda da concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego:

- Si, máis preguntas. Eu volvo repetir, non hai máis alá que a enésima vez pero, ben, a enésima máis unha. A fonte da praza Ángel Medeiros. No último pleno vostede nos dixo que xa estaba arranxada, que está perfecta, literalmente, que lle preguntou a varios veciños, que a foi ver vostede e que está arranxada. Entón, como vostede non vai, aínda que diga que si que vai, aí ten unha foto, que espero que conste que está vendo aí unha foto, cunha boa greta, vese claramente, unha greta tanto na parede coma no fondo, e é por iso polo que perde auga, que é o que lle dicíamos no pleno pasado: - para a auga?, e vostede contestaba: - está perfecta, pregúntelle ao Edmundo, funo ver. Insistía o compañeiro: - como que está perfecta, se non lle para a auga?.

- Está perfecta, non hai debate. Pois aí ten a proba de que non está perfecta. Xa que vostede non vai alí vela, pois traémoslla nós. Se Mahoma non vai á montaña, a montaña vai a Mahoma. Entón o rogo é que por fin arranxe a fonte da praza Ángel Medeiros.

E xa que estamos a falar de fontes, a outra fonte que hai un pouco máis arriba na praza. Está no cruzamento, xusto ao pé da rúa da Cova. Esa fonte leva perdendo auga, vou dicir meses por non dicir anos, pero perde auga continuamente, esa billa. Hai un chorro de auga constante, verán e inverno. Intervén o concelleiro do Grupo popular, Delfín Fidalgo Carball, o para explicar:

- Porque queren que perda para que non se conxele.

E a concelleira:

- Para que non se conxele no mes de agosto? Pero sequía en agosto... non se poderá ter perdendo a auga. Haberá que pechar a billa.

Segue o concelleiro do Grupo popular:

- Non sei se pecha de todo a billa.

Di a concelleira de Veciños de Monterrei:

- Non. En época de seca non debería estar ningunha billa aberta.

E di Delfín Fidalgo:

- Teñen peixes na fonte e queren que se osixene a auga. Pregúntelle a Edmundo.

Insiste Yolanda Domínguez:

- Un ratiño. Eu entendo que se hai peixes e queren ter un estanque, unha fonte e tal, que lle abran, teñen que poñer un osixenador ou teñen que facer un mantemento, pero que estea a billa aberta en plena seca, todo o día e toda a noite, fáiseme un pouco excesivo.

Di o alcalde:

- Máis preguntas ou rogos.

Continúa a concelleira de Veciños de Monterrei:

- Quería facer unha pregunta, pero xa preguntou tamén Alberto, e tal, a situación do Convenio co Consorcio Galego para a construción do centro

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN608W0N3LTHWYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

social. Vaise asinar un convenio novo? Porque o que estaba asinado, segundo se dixo aquí do 2016, claro, xa incorre en incumprimento porque xa tiña que haber parte da obra por valor de 15.000 € feita na 16 e 90.000 € no 17. Nin unha parte, nin a outra está feita. Vaise asinar un convenio novo?

Respóndelle o alcalde:

- Contestarémolle.

Segue a concelleira:

- E outra. Tamén quería saber a situación do convenio para a construción do campo de fútbol praia en Vilaza, porque no 2016 asinou un convenio que se aprobou nunha xunta de goberno en setembro, despois diron conta no pleno, en outubro, pero ese convenio non se levou a cabo. Nese pleno, aquí preguntamos que tipo de mantemento tiña iso, se lle parecía óptimo facer un campo de fútbol e vostede dixo que iso non tiña mantemento, que a area botouse e está perfecta, e tal. Eu niso estaba en desacordo e aínda estou máis. Pero, á parte, agora hai un novo convenio, asinado o 23 de xuño, cun orzamento diferente, cunha memoria diferente, por un valor de 11.000 € menos que o do ano pasado e con data de finalización a 31 de decembro deste ano. Deste novo convenio nin se dixo nada na xunta de goberno, nin se deu conta no pleno e é para preguntar se se vai facer, non se vai facer, se van comunicar algo ou aparecerá o campo feito e se pensan facer o mesmo mantemento que o voleibol-praia porque aí, a ver, non sei se vostede terá o valor de poñerse a xogar un partido nese campo, porque eu penso que está para usar como areeiro dos gatos. E tamén se pode ver, se alguén non o coñece, esta é a foto de como está o campo de voleibol-praia de Vilaza. Se este é un campo cun mantemento no que se pode xogar... Se isto é o mesmo que se vai facer co campo de fútbol..., penso que é tirar os cartos. E non sei que interese pode haber en tirar os cartos.

Di o alcalde:

- Máis preguntas?

E a concelleira de Veciños de Monterrei di:

- De momento non. Se non vai contestar a nada, esperaremos a ver que nos contesta no próximo pleno.

O alcalde toma agora a palabra para responder as preguntas, solicitudes e rogos feitos polo Grupo Veciños de Monterrei:

- Con relación a unha pregunta que fixeron no pleno anterior, dunhas facturas que remitiu o Parador do Castelo, había unha factura de 336,70 € e outra de 246,13 €. Son gastos dun concerto que se deu alí cando se fixo o tema da conferencia dos xesuítas, o curso da UNED sobre os xesuítas. Os 246 son un pequeno viño que se deu alí ao finalizar a xornada e os 336 son gastos do concerto de Raquel Rivera, que actuou despois.

Nese intre a voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola, interrompe ao alcalde para dicir:


- Pero, gastos de que? Porque o concerto xa se pagou.

E o alcalde dille:

- Vostede non está no uso da súa palabra, respecte o uso da palabra.

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3LTMHMYK6C-HN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

E continúa o alcalde:

- Hai outra solicitude de María del Carmen Sola Pérez, de Veciños de Monterrei, que solicita no nome dos nenos da Pousa a colocación de dúas porterías e o cerramento do campo de futbito que hai cementado na zona denominada Entre as Hortas, así como a súa limpeza e adecentamento por ser un lugar moi frecuentado polo rapaces da Pousa. Así mesmo, reitera a petición feita nos últimos tres plenos para que arranxen as fochancas que hai no camiño que sobe da Pousa a Monterrei.

Con relación a isto, outro exemplo claro de que vostede non se decata, a verdade é que ese campo de futbito foi utilizado, dinme os de alí, os da Pousa, unha ou dúas veces, ao principio, cando se fixo. E non se utiliza porque a xente da Pousa non vai aí facer deporte.

E, de novo, o alcalde lle di á voceira que ela non está no uso da palabra.

E continúa:

Por outro lado, hai que ser moi atrevido para falar en nome dos nenos da Pousa, á parte de metelos neste fregado. Ben, vostede está acostumada moito a falar sempre en representación de tal e, depois, non sei con quen fala vostede. Mire, eu non falei cos rapaces, falei cos pais e quedaron abraídos cando lles dixen que vostede presentara este papeliño. Hai que ter máis medida e informarse ben de como son as cousas. Os pais dos rapaces dícenme que é unha parvada facer isto porque non o usan nin van por aí. Eu non sei con que rapaces falou vostede, de verdade.

Interrompe o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, neste intre e di:

- Eu creo que vostede se equivocou. Iso non é unha pregunta. Estamos en rogos e preguntas. Pero iso era un rogo, non era unha pregunta.

O alcalde diríxese ao concelleiro e dille:

- Vostede non está no uso da palabra. Don Javier, retírolle o uso da palabra. Por favor, respecte as quendas. Agora está a falar o alcalde. Quen dirixe o debate é o alcalde e neste momento retírolle o uso da palabra.

Insiste o concelleiro:

- Pero se o fai sempre, se dá igual, se ao final é o que termina facendo vostede.


Prosegue o alcalde:

- Solicitude de María del Carmen Sola Pérez, en relación a un rogo para que se arranxe a fachada do teleclub e se faga un soportal similar ao feito na Madanela, en relación a Medeiros. Que se limpe de maleza o camiño do San Salvador para que os veciños poidan ir paseando ata a necrópole. Que se acondicione a zona do outeiro da aldea prantando árbores.

Que se arranxe a fachada do teleclub e se faga un soportal similar ao feito na Madanela. E que segue sen decatarse. O que pide a xente de Medeiros, si, ríñase o que queiran, é que se faga unha reforma integral do teleclub, xa que está moi deteriorado e, sobre todo que se mellore a accesibilidade. De soportal, nada de nada. Vosde é que non se decata.

Que se limpe de maleza o camiño do San Salvador para que os veciños

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6WDM3LTHMYK6CHN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm-2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

poidan ir paseando ata a necrópole. Isto foi o que se fixo o ano pasado e está un camiño que, dentro do que cabe, está bastante ben. Limpiámolo o ano pasado coas brigadas de incendios e para o ano que vén, volverémolo limpar. Pero, xa o colmo, é que vostede non dá unha no cravo, que se acondicione a zona do outeiro da aldea prantando árbores. Eu non sei, de verdade, non sei con quen falou de Medeiros, porque é totalmente o contrario, a xente de Medeiros non quere arboredo no outeiro polo risco de incendio que hai, xa que está no medio da aldea, e nunha zona onde os incendios son aínda máis virulentos. Infórmese ben. O que piden é todo o contrario, que estea ben rozado e limpo de maleza e de árbores, que propagarían os incendios. Yolanda Domínguez, concelleira de Veciños de Monterrei, puntualiza:

- Os que propagan non son as árbores.

Continúa o alcalde a lembrarllas aos concelleiros de Veciños de Monterrei que non están no uso da palabra, e prosegue:

- Solicitud de María del Carmen Sola Pérez, en relación á pista feita en San Paio. Hai varias solicitudes: do 17 de outubro, do 26 de outubro e do 15 de novembro. En relación a esta solicitude, ímoslle dar o tratamento de pregunta. En primeiro lugar, non se fixo unha pista nova, a actuación tratouse dunha mellora nunha pista preexistente, actuación que foi demandada polos veciños de Medeiros, a través da Comunidade de Montes, e que foi realizada con maquinaria da Deputación. O Concello colaborou nesta actuación realizando as xestións oportunas para que dende a Deputación se enviase a maquinaria necesaria. Trátase dunha mellora dun camiño que consiste no seu despexe que, debido á falta de uso a través dos anos estaba pechado pola vexetación, de xeito que resultaba intransitable. É dicir, estaba cheo de silvas, de toxos e de xestas. Era un xestal auténtico. Nesta zona precisamente no 2016 un incendio forestal calcinou a zona. Naquela ocasión foi imposible para os medios de extinción acceder a ela, debido ao estado dos camiños. Quero dicir con isto que os veciños tamén piden o arranxo de pistas para poder acceder e transitar por elas en caso de incendio. Eu, como di un amigo meu, pau se remas e pau se non remas. Se arranxamos o camiño, protestan vostedes e se non o arranxamos, criticaríannos por non ter as pistas en bo estado para o caso de incendios.

Tenta interromper ao alcalde o concelleiro de Veciños de Monterrei e o alcalde lémbrolla de novo que eles non están no uso da palabra.

Di o concelleiro de Veciños:

- Vostede está dando un mitin e vostede aquí non pode estar dando un mitin.

Segue o alcalde:

- Parece que fixemos un auténtico desastre na zona, nada máis lonxe da realidade.

O concelleiro de Veciños:

- Non está respondendo a nada.

Continúa o alcalde:

- Tirouse algunha parede, pero foi precisamente para permitir o acceso dos vehículos de extinción á zona. Paredes que foron tiradas cos permisos dos

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6P6WDM3L7WHMYKGC-HN6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 25

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

particulares correspondentes. Tamén se colocou unha tubaxe nun pequeno regato que pasa pola zona. En definitiva, trátase da mellora dun camiño que piden os veciños de Medeiros e que se fixo en colaboración coa maquinaria da Deputación. E, pola miña banda, non teño máis que sinalar. Se non hai máis rogos e preguntas, dámos por rematada a sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0003 Data: 16/01/2018



Cod. Validación: 4TXEYN6D6MDM3LTJHMYK6C+N6 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

